



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 29 DE ABRIL DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda peonil na AC-413, puntos quilométricos 11+960-12+385, de clave AC/18/144.06, no concello de Cerceda (A Coruña).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria a María Estrella López-Pardo Pardo.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de San Xoán de Seoane de Pregación (Friol-Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Viladonga (Castro de Rei-Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de San Xulián de Poulo (Ordes–A Coruña).

ACORDOS

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante acordo marco mixto cun único empresario, dunha solución de virtualización de postos de traballo (VDI) na Xunta de Galicia, por un valor estimado de sete millóns cento sesenta e dous mil oitocentos euros (7.162.800 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Outes para a reforma e mellora da estación depuradora de augas residuais de Outes. Concello de Outes (A Coruña), por importe de trescentos vinte e cinco mil cento trinta e seis euros con cincuenta e sete céntimos (325.136,57 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello do Pereiro de Aguiar para a execución da obra de mellora do abastecemento, saneamento e recollida de augas pluviais no núcleo da Derrasa, O Pereiro de Aguiar (Ourense), clave OH.532.827, por importe de cincocentos dous mil catrocentos cincuenta e sete euros con trinta e dous céntimos (502.457,32 €), financiado no marco do Eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de Covid-19.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), no financiamento de recursos de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

información científica en liña, por un importe total dun millón seiscentos setenta mil trescentos trinta e un euros (1.670.331 €).

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual derivado do proxecto de orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2021/22, por importe total de dezasete millóns catrocentos mil euros (17.400.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta na porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Orde pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2021, por un importe de douscentos oitenta mil oitocentos euros con setenta e dous céntimos (280.800,72 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o acordo entre o Ministerio de Sanidade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas de calendario e outras.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Compañía de las Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl, do Centro Asistencial San Pablo e San Lázaro, para o financiamento dos gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade, no exercicio 2021. Importe: cento cincuenta e tres mil cento dezaioito euros (153.118 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre o proxecto de creación dos Repousos no Camiño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a ampliación da orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores máis vulnerables (Bono eléctrico galego).
- Informe sobre a manifestación de interese da Xunta de Galicia para a localización de centros de I+D empresarial en Galicia.
- Informe sobre a situación económica e social da comarca de Ferrolterra e proposta de elaboración dun Pacto de Estado por Ferrol.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia para incentivar e fomentar a prestación de servizos financeiros básicos no rural.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo tramite de emerxencia, do servizo de almacenamento, distribución e lóxística das vacinas contra a Covid 19, por importe dun millón catrocentos oitenta e tres mil trescentos sesenta e tres euros con vinte céntimos, IVE incluído (1.483.363,20 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a contratación de cinco prazas do servizo de atención residencial terapéutico e dez prazas do servizo de atención residencial terapéutica ocupacional, para persoas con discapacidade intelectual no concello de Ortigueira, e a contratación de vinte e cinco prazas do servizo de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas en concellos da provincia de Pontevedra.
- Informe sobre os convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social, as tres universidades do Sistema universitario de Galicia (IV ciclo) e a UNED Coruña para o desenvolvemento de distintos programas universitarios para persoas maiores no exercicio 2021.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o impacto das axudas da medida Leader en Galicia no ano 2020.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta





A XUNTA APROBA A CREACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E REFORMA SANITARIA

- ***A doutora especialista en medicina preventiva e saúde pública, Estrella López-Pardo Pardo, dirixirá o novo departamento da Consellería de Sanidade***
- ***A nova dirección xeral abordará a planificación futura da sanidade unha vez superada a pandemia e, dun xeito especial, o ámbito da atención primaria***

O Consello da Xunta acaba de aprobar a creación da Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, o novo departamento que terá por obxectivo abordar a planificación futura da sanidade unha vez superada a pandemia e, dun xeito especial, o ámbito da atención primaria, que deberá ser o nivel asistencial central de todo o sistema sanitario galego.

A recente reforma da Lei de saúde de Galicia estableceu a necesidade da aprobación dunha Estratexia galega de saúde como documento estratéxico plurianual de carácter integral que defina prioridades e obxectivos comúns para os eidos da saúde pública, da prevención de riscos sanitarios, da promoción da saúde, da prestación de asistencia sanitaria e da docencia, formación, investigación e innovación sanitarias.

Por outra banda, os traballos do Consello Técnico de Atención Primaria, creado mediante a Orde do 8 de xullo de 2019 para levar a cabo un proceso participativo de definición estratéxica do novo modelo de traballo deste nivel asistencial, están próximos á súa conclusión definitiva, que se agarda que será antes do verán.

Na actualidade, e con motivo da situación de emerxencia sanitaria provocada pola Covid-19, os órganos superiores e de dirección existentes na Consellería de Sanidade están a centrar a súa atención, dun xeito prioritario, na xestión da situación epidemiolóxica e asistencial que deriva da pandemia.

Por este motivo, a creación dun novo centro directivo propio e independente é fundamental para acelerar os procesos de elaboración dunha Estratexia galega de saúde que fixe as prioridades transversais das distintas unidades da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así como para implementar as medidas definidas nos diferentes traballos referentes á reforma do modelo da atención primaria.

Esta nova dirección xeral da Consellería de Sanidade estará dirixida pola doutora especialista en medicina preventiva e saúde pública, Estrella López-Pardo Pardo, quen conta cunha dilatada experiencia en diferentes eidos da Administración e da xestión sanitaria.

Neste senso, durante a súa traxectoria profesional ocupou, entre outros cargos, o de subdirectora xeral de Planificación Sanitaria do Sergas; subdirectora xeral de Avaliación Asistencial; directora operativa do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela ou o de subdirectora de Calidade e Atención ao Paciente na EOXI de Santiago

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de Compostela. Na actualidade ocupaba o cargo de directora de Procesos na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Así mesmo, cómpre destacar que actualmente representa o cargo de vicepresidenta da Sociedade Española de Directivos de Atención Primaria (SEDAP).

Na pasada lexislatura formou parte do grupo de 16 expertos en atención primaria independentes que elaboraron un documento estratéxico e de xestión como resultado dun dos acordos asinados en marzo de 2019 entre as sociedades científicas de atención primaria en Galicia (Semergen, Semg e Agamfec), o Consello Galego de Colexios Médicos e o Servizo Galego de Saúde.

Este documento, titulado *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*, propón unha profunda transformación da atención primaria e déixalle o papel de porta de entrada ao sistema sanitario para ser o seu eixo vertebrador, e foi asumido como guía pola Consellería de Sanidade para os traballos desenvolvidos dentro do Consello Técnico de Atención Primaria.

Deste xeito, desde a vindeira semana, en que se constituirá a nova dirección xeral, a Consellería de Sanidade ficará estruturada con tres órganos de dirección. Nomeadamente, a Secretaría Xeral Técnica, a Dirección Xeral de Saúde Pública e a nova Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria. Así mesmo, continuarán estando adscritos ao departamento sanitario da Xunta de Galicia: o organismo autónomo do Servizo Galego de Saúde (Sergas); a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A EXPROPIACIÓN PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL NO NÚCLEO DA TABLILLA, NO CONCELLO DE CERCEDA

- ***A intervención na estrada AC-413, que tamén beneficia ao municipio de Tordoia, suporá un investimento autonómico de máis de 125.000 euros***
- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento da acta previa e á licitación das obras no segundo semestre deste ano***
- ***Construirase unha senda na marxe esquerda da estrada de algo máis de 0,4 km, cunha anchura de 2 metros e separada exteriormente por un bordo, para reforzar a seguridade viaria e favorecer os desprazamentos a pé dos veciños***
- ***O Goberno galego segue dando cumprimento ao seu compromiso de habilitar, nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a expropiación para executar unha senda peonil na estrada autonómica AC-413, na entrada ao núcleo da Tablilla desde Ordes, no concello de Cerceda.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación, que tamén beneficia ao municipio de Tordoia, supera os 125.000 euros, nos cales se inclúe o pagamento do único predio necesario para a súa execución.

O obxecto desta actuación é a construción dunha senda na marxe esquerda da estrada de titularidade da Xunta de Galicia, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 11+960 e 12+385, coa finalidade de seguir mellorando a seguridade viaria na contorna e dotar dun itinerario peonil continuo ao longo da vía que facilite os desprazamentos a pé dos veciños.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento da acta previa e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan dun prazo de execución de seis meses.

O novo itinerario de algo máis de 0,4 quilómetros proxéctase en formigón cor terrizo natural e estará limitado exteriormente por un bordo que o diferencie do resto da plataforma. O ancho do itinerario será constante e acadará os 2 metros.

Nesta actuación inclúese a execución da rede de pluviais, da rede de iluminación pública e da reposición de sinais e marcas viarias do bordo da calzada.

O Goberno galego segue dando cumprimento ao seu compromiso de habilitar, nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe.


A Xunta ten solicitado á Dirección Xeral de Tráfico a instalación de medidas para o control de velocidade na recta da Tablilla, cara a unha calma de tráfico e ao reforzo da seguridade viaria nesa zona.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nas imaxes amósanse o plano de situación e a imaxe aérea do ámbito da actuación:



A XUNTA DECLARA TRES NOVAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NOS CONCELLOS DE ORDES, FRIOL E CASTRO REI QUE BENEFICIARÁN A 891 PROPIETARIOS

- ***O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe os decretos que inician estes tres procesos, que reestruturarán unha superficie total dunhas 1.780 hectáreas***
- ***As parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade***
- ***A Xunta cumpre o compromiso adquirido de decretar novas concentracións parcelarias por cada proceso con títulos entregados***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa xuntanza semanal tres decretos da Consellería do Medio Rural polo que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de San Xulián de Poulo, no concello coruñés de Ordes; de San Xoán de Seoane de Pregación, no concello lugués de Friol, e de Viladonga, no concello lugués de Castro de Rei. Deste xeito, mediante a reestruturación global dunhas 1.780 hectáreas relativas a estes tres procesos, veranse beneficiados 891 propietarios.

Así, trátase de tres novos decretos de concentración parcelaria que se declaran mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), a cal busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Neste senso, cabe sinalar que os tres procesos foron solicitados polos respectivos concellos, os tres eminentemente gandeiros, e, no caso dos dous da provincia de Lugo, tamén foron apoiados polos titulares das explotacións da zona. No caso da parroquia de Friol, hai un total de 12 explotacións, mentres que na de Castro de Rei son seis, de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

Ademais destes tres novos procesos, cabe lembrar que o pasado mes de marzo foron decretadas outras dúas parcelarias no concello lugués de Outeiro de Rei, que beneficiarán a 833 propietarios de catro parroquias e comprenden unha superficie de arredor de 2.000 hectáreas.

Precisamente, cabe sinalar que por cada proceso finalizado (con títulos de propiedade entregados aos veciños), a Xunta decretará unha nova zona de concentración parcelaria para loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións. Neste senso, cabe sinalar que a Xunta decretará no prazo dun ano outros 23 procesos.

Lei de recuperación

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

se investisen nos distintos procesos de reestruturación máis de 118 millóns de euros desde o ano 2009. O orzamento previsto para este 2021 é de máis de 12 millóns de euros.

Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que vén complementar e desenvolver o marco legal actual para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga). Así, na nova lei, apostarase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma, mellorarase a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

Procesos entregados recentemente

Entre o ano 2020 e o primeiro cuadrimestre deste 2021, a Xunta entregou arredor de 9.500 títulos de propiedade de 12 concentracións parcelarias, desta forma, beneficiáronse case 3.750 veciños do rural galego, e mañá entregaranse os títulos de propiedade doutro proceso no concello coruñés de Melide.

Ademais, previsiblemente, entregaranse os títulos doutras 19 zonas de concentración parcelaria rematadas administrativamente no que resta de 2021 e no primeiro cuadrimestre de 2022.



A XUNTA FINANCIA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA EN MATERIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***A orde, que se comezou a convocar en 2014, está dotada con 150.000 euros para dúas anualidades***
- ***Enmárcase no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 e alíñase coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe unha nova convocatoria da orde de axudas destinada a financiar proxectos de investigación nas universidades galegas en materia de cooperación para o desenvolvemento. A orde, que se comezou a convocar en 2014, estará dotada con 150.000 euros que se distribuirán entre este ano e o próximo.

A convocatoria está dirixida a financiar proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento. Concretamente, establece o marco normativo que regulará as axudas para a realización de proxectos de investigación que teñan como obxectivo a promoción do desenvolvemento humano e sustentable que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e para a creación de grupos de investigación, no ámbito da cooperación para o desenvolvemento nas universidades galegas.

O importe máximo da axuda será de 15.000 euros, no caso dun investigador individual que presente un proxecto de investigación, e ascenderá a 30.000 euros cando se trate dun proxecto dun grupo xa constituído. Pola súa banda, a subvención para a creación dun grupo de investigación poderá chegar a un máximo de 35.000 euros.

Esta convocatoria enmárcase no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, así como no plan anual para este ano. Cumpre cos obxectivos de apostar por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, promove unha cultura de investigación que mellora a xestión e contribúe ao impacto das intervencións; e posibilita unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia.

Ademais, esta orde, igual ca a publicada no 2019, vén determinada pola necesidade de aliñar a convocatoria coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable. Neste sentido, os proxectos financiados deben ter como obxectivo a promoción do desenvolvemento humano e sustentable, consonte a Axenda nacional e internacional de desenvolvemento e, en particular, aliñados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) das Nacións Unidas, xa que se considera que a universidade é o espazo fundamental para o desenvolvemento da investigación e é, ademais, o espazo axeitado para impulsar a innovación e os cambios de comportamento que nos sitúen na senda do cumprimento dos ODS.

A XUNTA PON EN MARCHA UN PLAN PARA REFORMAR EN DOUS ANOS O MODELO DE POSTO DIXITAL DE 22.000 EMPREGOS PÚBLICOS E FACILITAR O TRABALLO EN MOBILIDADE E NON PRESENCIAL

- ***O Consello aproba o Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado de persoal de emprego público, no marco do modelo de goberno e administración intelixentes***
- ***Os novos sistemas estenderán o uso das videoconferencias e comunicacións unificadas e proporcionarán ferramentas avanzadas de colaboración na nube***
- ***O Consello tamén aprobou hoxe o acordo marco para a virtualización de postos de traballo por un valor estimado de 8,66 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado de persoal de emprego público, que afectará unhas 22.000 persoas que traballan para a Administración e implicará a mobilización de máis de 20 millóns de euros.

O plan dotará o persoal empregado público dos medios tecnolóxicos adecuados para adaptar o seu posto ao modelo de goberno e administración intelixentes e ás crecentes demandas de traballo non presencial. O novo modelo mellorará as capacidades de xestión centralizada dos postos por parte da Administración e garantizará un mellor servizo á cidadanía.

Ademais da virtualización dos escritorios para facilitar a mobilidade efectiva e o acceso de xeito seguro, os novos sistemas estenderán o uso das videoconferencias e comunicacións unificadas e proporcionarán ferramentas avanzadas de colaboración na nube. Tamén permitirán finalizar a extensión do modelo de xestión de medios de impresión e dixitalización nas sedes da Administración pública galega e optimizarán estes recursos nunha contorna de uso de documento electrónico.

O plan aprobado hoxe implica uns investimentos de 20,2 millóns de euros, que poderán incrementarse con fondos procedentes dos plans de recuperación e resiliencia para o persoal autonómico da Administración de xustiza.

O posto de traballo dixital implicará a dotación de novos dispositivos de acceso polivalentes, como portátiles de traballo, portátiles ultralixeiros ou tabletas, complementados con periféricos adaptados a cada perfil. Todo este equipamento estará xestionado pola Xunta de Galicia.

As persoas usuarias disporán dun escritorio virtual personalizado no caso de que necesiten entrar no sistema de xeito remoto independentemente do dispositivo que se utilice. O acceso será en todos os casos mediante un sistema único e seguro de usuario ou con tarxeta de empregado público. Facilitarase tamén o acceso a sistemas de traballo colaborativo desde calquera posto, que se adaptará ás necesidades corporativas determinadas en cada momento segundo o perfil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O persoal da Administración recibirá formación en competencias, difusión e acompañamento no cambio, aliñadas coas iniciativas de capacitación dixital no emprego público. Recibirán, así mesmo, soporte a apoio na operativa diaria co impulso do autoservizo AxudoT e os asistentes virtuais.

O novo modelo de posto dixital afectará o persoal que traballa nos edificios e centros administrativos da Xunta de Galicia, entre eles os servizos centrais e as delegacións provinciais, os centros de prestación directa de servizos á cidadanía, as aulas de formación non regrada dependentes da Xunta de Galicia, os perfís administrativos na rede de centros escolares de titularidade pública e as administracións de xustiza en Galicia (sedes xudiciais, xulgados de paz e o Imelga). Non está incluído o persoal do Servizo Galego de Saúde nin o persoal docente dos centros educativos, xa que contan con plans específicos para a transformación dixital.

O plan define cinco perfís de postos de traballo: posto de xestión susceptible de teletraballo; posto de xestión fixo convencional; posto en alta mobilidade; posto técnico avanzado susceptible de teletraballo e postos en espazos comúns.

O posto de xestión susceptible de teletraballo convértese no modelo de posto estándar para a organización. As persoas con este perfil disporán dun equipo portátil e un replicador de portos, que se complementará no posto presencial cunha pantalla fixa e os periféricos correspondentes.

A posta en marcha deste plan implica un novo xeito de desempeño profesional con base no establecido na Lei 4/2019, do 17 de xullo, da Administración dixital en Galicia, e complementase coas actuacións previstas no Plan directo de seguridade e o desenvolvemento do marco de competencias dixitais.

Acordo marco para a virtualización de postos de traballo

O Consello de hoxe tamén aprobou a autorización para a tramitación do expediente de contratación, mediante acordo marco mixto, dunha solución de virtualización de postos de traballo na Xunta de Galicia, por un valor estimado de 8,66 millóns de euros (IVE incluído).

Esta actuación forma parte do plan de posto dixital avanzado e, ademais de facilitar o traballo non presencial, reducirá as incidencias que requiren os desprazamentos e os seus tempos de resolución. Ademais, reducirá os custos de administración e xestión dos postos de traballo dixital e aumentará a súa seguridade. O novo sistema axilizará o despregamento do novo software e as actualizacións e reducirá os tempos de posta en marcha de novos postos e os custos de renovación dos equipamentos.

O acordo marco para a virtualización culmina unha serie de acordos que xa están en marcha, e que son necesarios para a posta en marcha do Plan de posto dixital. Trátase do acordo de subministración de equipamentos e servidores para a Xunta de Galicia, por un valor estimado de 12,7 millóns de euros; o de subministración de equipamento informático de postos de traballo en centros da Xunta de Galicia, por un valor estimado de 11,53 millóns de euros. Estes acordos foron aprobados en decembro de 2020 polo Consello de Goberno



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

da Xunta de Galicia. E, anteriormente, en outubro de 2019, fora aprobado o acordo para a subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos, por un valor de 12,5 millóns de euros. En total, estes acordos marco suman 34,4 millóns de euros.



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OUTES PARA IMPULSAR A MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO MUNICIPAL, CUN INVESTIMENTO CONXUNTO DE MÁIS DE 325.000 EUROS

- ***O Goberno galego achegará máis de 108.000 euros para apoiar a Administración local na reforma e mellora da depuradora de augas residuais***
- ***O obxectivo é adaptar a infraestrutura ás necesidades do núcleo urbano de Outes, cunha densidade de poboación que supera en máis dun 20% a capacidade de tratamento da depuradora***
- ***Actuarase na mellora completa do tratamento da auga e dos seus equipamentos, ademais do acondicionamento da instalación***
- ***O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Outes para impulsar a mellora do sistema de saneamento municipal, que suporá un investimento conxunto de máis de 325.000 euros.

O Executivo autonómico deulle luz verde ao convenio de cooperación entre Augas de Galicia e a entidade local para executar a reforma e mellora da estación depuradora de augas residuais.

A Xunta achegará un investimento que supera 108.000 euros para posibilitar as obras necesarias para adaptar a depuradora municipal ás necesidades dos veciños de Outes, xa que a densidade da súa poboación urbana ve superada en máis dun 20% a súa capacidade de tratamento de augas residuais.

Pola súa banda, o Concello asume o financiamento restante e a execución das obras para acadar a mellora do funcionamento da estación depuradora, así como a súa explotación, a conservación e o mantemento.

As actuacións proxectadas teñen como obxectivo recuperar o estado orixinal de funcionamento da depuradora de Outes, a través das obras necesarias para a mellora da calidade do efluente; reducir os custos de explotación e incrementar a eficiencia de funcionamento da instalación.

Os traballos contarán cun prazo de execución de dous meses e centraranse no interior da edificación existente. Consistirán na mellora completa do tratamento da auga e dos seus equipamentos, ademais do acondicionamento da instalación.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.



A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR PARA EXECUTAR AS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO NÚCLEO DA DERRASA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 502.000 EUROS

- **A Consellería de Infraestruturas cofinanciará as obras nun 80%, coa achega de case 402.000 €, e o Concello contribuirá co 20%, achegando máis de 100.000 €**
- **A intervención ten como obxectivo renovar as infraestruturas hidráulicas na Derrasa, que están deterioradas, para reforzar a eficiencia destes servizos**
- **As obras incluírán a disposición de novas canalizacións en ambas as marxes da estrada autonómica OU-536**
- **O destino da rede de residuais é a depuradora da Derrasa e as pluviais vértense nunha zona próxima, no río Lonia**
- **As obras, cun prazo de catro meses, finánciase no marco do Eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como resposta da UE á Covid**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello do Pereiro de Aguiar para a execución das obras de abastecemento, saneamento e recollida de augas pluviais no núcleo da Derrasa, que suporán un investimento de máis de 502.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade cofinanciará as obras nun 80%, coa achega de case 402.000 euros, e o Concello contribuirá co 20% restante do orzamento, achegando algo máis de 100.000 euros.

O proxecto, cun prazo de execución de catro meses, será financiado no marco do Eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19.

A intervención prevista ten como obxectivo renovar as infraestruturas de abastecemento, saneamento e recollida de pluviais no núcleo da Derrasa, co fin de aumentar a eficiencia destes servizos, pois os actuais elementos están deteriorados.

As obras incluírán a disposición de novas canalizacións en ambas as marxes da estrada OU-536. Á altura do punto quilométrico 7+940 está previsto que as redes crucen a estrada autonómica para conectar os colectores das dúas marxes.

O destino final da rede de residuais é a depuradora da Derrasa e as pluviais vértense nunha zona próxima, no río Lonia.

As obras darán servizo a unha poboación de 460 habitantes para o ano horizonte 2043. A Xunta continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que poidan exercer de modo eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento.

A XUNTA DESTINA 1,7 M€ A FINANCIAR A ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DE RECURSOS CIENTÍFICOS PARA A TRES UNIVERSIDADES

- ***O Consello autoriza o convenio entre a Consellería de Educación e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia para a dotación de ferramentas como bases de datos, revistas e libros electrónicos ou xestores bibliográficos, que resultan básicos para o desenvolvemento do labor investigador e docente***

O Consello da Xunta acaba de autorizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) para financiar a adquisición centralizada de recursos de información científica en liña para as tres universidades galegas, por un importe de 1.670.331 euros.

Deste xeito, o Goberno galego garántelles ás universidades o financiamento dos recursos informativos necesarios para que o seu persoal investigador e docente, e mesmo o alumnado, poida levar a cabo traballos científicos empregando as bibliotecas universitarias, integradas no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). Trátase de bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos, xestores bibliográficos e ferramentas de xestión, entre outros, que resultan básicos para o desenvolvemento do labor científico e docente.

A través do CISUG, as tres universidades realizan unha xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico, o que supón unha mellor posición fronte ao mercado, pois permite acadar acordos de maior envergadura dos que serían posibles a nivel individual e reforza a capacidade de negociación.

As universidades comprométese, a través do convenio, a contratar modelos comerciais de acceso cruzado que permiten que as revistas subscritas por unha biblioteca poidan ser accesibles tamén para o resto de bibliotecas asociadas, garantir o acceso perpetuo ás coleccións nucleares e a xestionar unha maior cobertura de acceso.

Isto permite a optimización de recursos públicos e favorece a cooperación entre bibliotecas universitarias á hora de adquirir e compartir recursos electrónicos aos cales se accede a través de licenzas a coleccións completas ou partes.

O acordo enmárcanse no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, na epígrafe do financiamento por resultados, no subfondo de fomento da I+D+i, e ten como obxectivo final facilitar o traballo docente e investigador.

A XUNTA HABILITA 17,4 M€ EN AXUDAS Á COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR E PARA O ACCESO AO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS POR PARTE DAS FAMILIAS PARA O VINDEIRO CURSO 2021/22

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- ***O alumnado de 1º e 2º de primaria poderá acollerse ás axudas á compra de libros, que van entre os 210 e os 140 euros en función da renda***
- ***No caso do alumnado matriculado en educación especial, mantense unha axuda de 275 euros independentemente da renda***
- ***O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO poderá acollerse ao Fondo Solidario de Libros, cuxos manuais se asignan por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar***
- ***Ademais, no caso de rendas iguais ou inferiores aos 6.000 euros per cápita, o alumnado poderá recibir vales de 50 euros para a adquisición de material escolar***
- ***O Goberno galego mantén a flexibilización das exixencias de renda e o aumento xeneralizado das contías das axudas que aplicou no presente curso co fin de reforzar o apoio ás familias ante o contexto de pandemia***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao proxecto de orde pola que se regula a participación no Fondo Solidario de Libros de Texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/22, e que está dotada con 17,4 M€, o que asegura a dotación de balde de libros e material para o cen por cento das familias que cumpren cos requisitos.

O sistema solidario habilitado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que posibilita garantir unha educación accesible para o conxunto do alumnado, susténtase en tres eixos que son o Fondo Solidario de Libros de Texto, as axudas á adquisición de libros de texto (para aquelas ensinanzas e cursos en que os materiais non son reutilizables) e as axudas para a adquisición de material escolar.

Ademais, para o vindeiro curso, a Xunta mantén a flexibilización das exixencias de renda e o aumento xeneralizado das contías das axudas que aplicou no presente curso co fin de reforzar o apoio ás familias ante o contexto de pandemia. Cómpre subliñar que, un ano máis, todas as familias que cumpren cos requisitos teñen cubertos de balde, case na súa totalidade, os libros e o material escolar que precisan para os seus fillos.

Axudas á compra

As axudas da Xunta para a compra de libros están dirixidas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria, ao alumnado matriculado en educación especial e ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

Así, no caso do alumnado dos dous primeiros cursos de primaria, recibirán 210 euros no caso de renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros; e de 140 euros para as rendas de entre 6.000 e 10.000 euros.

No caso do alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65%, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos, recibirá un importe de 275 euros, con independencia da renda per cápita familiar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, o alumnado de 1º e 2º de primaria que se encontre en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia recibirá a axuda máxima (210 euros) e non terá que acreditar os datos da unidade familiar nin o nivel de renda.

Fondo solidario

No Fondo Solidario de Libros de Texto pode participar o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. A asignación de libros de texto farase, igual ca en cursos anteriores, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. En calquera caso, terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da súa renda familiar.

De non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar unha cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexan necesarios.

Así, o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros, ou que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% (nestes dous últimos casos con independencia da renda), ten garantido o acceso a seis libros. Pola súa banda, as familias con tramos de renda per cápita entre 6.000 e 10.000 euros terán acceso a catro manuais.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario ou recibir as axudas para libros ou material escolar ter devolto os libros dos cursos anteriores.

Axudas para material escolar

O destinatario das axudas para material escolar é todo o alumnado matriculado en educación primaria e en ESO cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros, e a contía da axuda é de 50 euros/alumno.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Trámites por vía telemática

Unha vez que se abra o prazo, logo da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, as solicitudes poderán presentarse por vía electrónica (preferentemente) empregando a aplicación informática '[fondolibros](#)' a través da [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia, ou ben presencialmente nos propios centros docentes, así como en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

Balance do presente curso 2020/21

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade repartiu de forma gratuíta no presente curso escolar un total de 564.721 libros de texto do fondo solidario, o que alcanza un total de 97.974 alumnos de 3º a 6º curso de educación primaria e dos catro cursos de ESO. Outros 27.398 alumnos beneficiáronse das axudas da Xunta para a adquisición de libros de texto,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

mentres que un total de 100.323 alumnos recibiron vales para a adquisición de material escolar.

A asignación de manuais dispoñibles no fondo solidario faise por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar e, de ser necesario, o centro adquire os libros complementarios que sexan precisos para garantir unha cobertura similar á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas (seis ou catro libros por alumno/a, segundo o caso).

Deste xeito, e atendendo aos criterios de renda, case sete de cada dez alumnos de primaria e de secundaria beneficiarios do fondo recibiron seis ou máis libros de balde, é dicir, que, tendo en conta que a media de manuais nos centros é de seis por curso, nestes casos quedou cuberta a práctica totalidade das súas necesidades.

O fondo solidario está deseñado para garantir que as familias con rendas máis baixas sexan as primeiras destinatarias do programa de forma que poidan ser beneficiarias do maior número de libros dispoñibles.



A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN PARA ENSINAR GALEGO EN UNIVERSIDADES DE ESPAÑA, ITALIA, FRANCIA, BRASIL E CROACIA

- ***O Consello dá o visto e praxe á convocatoria dotada de preto de 300.000 euros para os lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en Madrid, Pádua, París, Río de Janeiro, Salvador de Bahía e a cidade croata de Zadru***
- ***Enmárcase no compromiso do Goberno galego por divulgar e promover o galego e tamén por facilitar a inserción laboral dos profesionais da lingua incorporándoos aos centros de estudos galegos de distintas partes do mundo***

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á convocatoria pública de seis bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en distintas universidades de España e de países como Italia, Francia, Brasil ou Croacia, cun investimento global próximo aos 300.000 euros, dentro do compromiso do Goberno autonómico por promover e divulgar a lingua galega fóra de Galicia e apoiar laboralmente os profesionais que se dediquen á docencia.

O programa de formación terá un marcado carácter práctico e durará tres anos. Estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galega. As persoas adxudicatarias desenvolverán estas actividades no marco do convenio asinado coas universidades de destino, que nesta convocatoria son a Universidade Complutense de Madrid, Università degli Studi di Padova, Université de la Sorbonne Nouvelle, París III, Universidade do Estado do Río de Janeiro, Universidade Federal da Bahía e Sveucislite u Zadru.

Poderán participar as persoas menores de 35 anos que estean en posesión dalgunha das titulacións de filoloxía galega e filoloxía románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego; o grao en Lingua e Literatura Galegas, o grao en Estudos de Galego e Español, o grao en Galego e Portugués ou a licenciatura en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, teñan cursados determinados créditos en galego. Tamén poderán participar os lectores que, antes de rematar o período máximo de estadia, se visen obrigados a cesar por causas alleas á súa vontade, sempre que esta circunstancia non derive da resolución dun procedemento de tipo disciplinario.

Preto de 30 universidades con lectores

A convocatoria destas bolsas de formación enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia por difundir a lingua e literatura galegas no mundo a través de diferentes convenios para fomentar a docencia en galego. Os últimos en ser aprobados polo Consello da Xunta foron, a finais do pasado ano, con universidades de Alemaña, Portugal e de Cataluña, Castela e León e Madrid, cun investimento de máis de 200.000 euros.

Con todas estas accións, a Xunta de Galicia está a facilitar que no día de hoxe o galego poida estudarse en ata en 36 universidades (nove nacionais e 27 internacionais). Dentro delas, 27 contan con lectores –profesores auxiliares que ensinan a lingua en determinados



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

centros de ensinanza–, asentados en departamentos coñecidos como centro de estudos galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

A través desta convocatoria de formación, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade promove unha oportunidade para que os profesionais da docencia se incorporen aos centros de estudos galegos e se poidan situar nunha mellor posición cara a unha futura inserción laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar, ou de completar, estudos de posgraao nas universidades de destino.

A XUNTA APROBA O ACORDO MARCO CO MINISTERIO DE SANIDADE PARA FIXAR AS CONDICIÓNIS DA COMPRA DE VACINAS DO CALENDARIO VACINAL E DOUTRAS VACINAS

O Consello de Xunta de Galicia aprobou o acordo entre o Ministerio de Sanidade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas do calendario vacinal e doutras vacinas. O Ministerio de Sanidade propón ás comunidades autónomas a realización dun acordo marco para a selección de subministradores de vacinas, co obxectivo de tentar acadar un aforro substancial dos custos asociados á súa adquisición.

Tendo en conta o éxito da experiencia dos anteriores acordos marco, en que se obtiveron resultados satisfactorios con importante redución do orzamento na adquisición de vacinas, así como que o proceso permite garantir os parámetros lóxicos e de funcionamento do Programa galego de vacinación, a Consellería de Sanidade decidiu adherirse ao novo acordo marco.

Este acordo marco trata de satisfacer as necesidades de adquisición de vacinas que son de utilización común no Sistema Nacional de Saúde e que se requiren para o cumprimento dos fins de cada programa propio das comunidades autónomas que aceptan a súa participación, impulsando o procedemento de contratación e procurando a diminución dos custos asociados á súa compra, mediante a fixación de prezos unitarios máximos.

Deste xeito, Galicia participa neste acordo marco de compra de vacinas para a adquisición de 26 tipos de vacinas que se utilizarán no Programa galego de vacinación nos anos 2021, 2022 e coa posibilidade de dúas prórrogas en 2023 e 2024.

Con este acordo adquirese unha boa parte das vacinas para o Programa galego de vacinación, neste período de catro anos, cun total estimado de 1.168.950 doses.

Esta compra, de 26 tipos de vacinas, a maioría das que conforman o calendario de vacinación sistemática, ademais doutras vacinas que se utilizan en situacións especiais e grupos de risco, garante a continuidade e estabilidade do Programa galego de vacinación e mellora a súa eficiencia, con base no aforro na compra de vacinas e asegurando unha subministración sucesiva durante o tempo de vixencia do contrato.

A XUNTA DE GALICIA ACHEGA 150.000 EUROS ÁS HERMANAS HIJAS DE LA CARIDAD SAN VICENTE DE PAÚL

- ***O convenio busca axudar a financiar os gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade***
- ***Aprobaranse acordos cunha decena de entidades de iniciativa social do eido da discapacidade por unha contía total de 950.000 euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou unha axuda de 153.000 euros ás Hermanas Hijas de la Caridad San Vicente de Paúl, que xestionan o centro de discapacidade de San Pablo e San Lázaro de Mondoñedo. Trátase dun convenio que busca axudar a financiar os gastos derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade.

Deste xeito, aprobaranse acordos con dez colectivos por unha contía total de 950.000 euros que permitirán o mantemento de iniciativas dirixidas a garantir a asistencia básica e o desenvolvemento das persoas con discapacidade intelectual, tratando de recuperar o máximo posible as capacidades de cada persoa e procurando a mellora da calidade de vida e da integración social e laboral.

A finalidade destes programas son a mellora das habilidades para solucionar as incidencias diarias, autocontrol das emocións e condutas, autonomía para resolver problemas, habilidades sociais, redución e eliminación de condutas desadaptadas, apoio a necesidades específicas e comunicación coas súas familias.

Estas axudas demostran unha vez máis que o compromiso da Administración autonómica coas entidades de discapacidade sempre se mantivo firme, incluso nos momentos máis complicados. Froito diso, Galicia incrementou nos seus orzamentos para este ano un 11% o investimento nesta materia ata chegar ao 126 millóns de euros, o dobre que en 2009.

A XUNTA AVANZA NOS PRIMEIROS “REPOUSOS NO CAMIÑO” COA PREVISIÓN DE CREAR AS PRIMEIRAS 19 ÁREAS DE DESCANSO AO LONGO DESTA ANO

- ***O proxecto piloto situaría este primeiro repouso en Santiago de Compostela***
- ***A iniciativa está impulsada pola Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia Turismo de Galicia, e conta coa colaboración do Clúster da Madeira e do Deseño de Galicia e a Fundación Juana de Vega***
- ***Suporá un investimento de preto de 180.000 euros***

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe de evolución do proxecto Repousos no Camiño, que se está impulsando desde a Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia Turismo de Galicia, co obxectivo de crear unhas áreas de descanso singulares no Camiño de Santiago. O informe recolle unha previsión de levar adiante ao longo deste ano un total de 19 destes repousos no Camiño cun investimento máximo de preto de 180.000 euros.

A través deste proxecto búscase establecer un deseño conceptual de espazos de espaxamento centrado na creación dun banco de madeira arredor do que se xera un espazo verde de descanso para o peregrino, parcialmente pechado, co que se busca mellorar a imaxe do Camiño ao tempo que se crea unha nova figura icónica do Camiño arredor da figura dese banco, que estará elaborado con madeiras autóctonas e co símbolo xacobeo gravado a lume.

O proxecto estase impulsando desde o Goberno galego en colaboración co Clúster da Madeira e do Deseño de Galicia, entidade que aglutina preto de 50 empresas e axentes vencellados co sector da madeira. Ademais, co obxectivo de establecer os lugares idóneos para establecer estas áreas de descanso e planificar a intervención paisaxística, o proxecto tamén contará coa colaboración da Fundación Juana de Vega a través da sinatura dun convenio de colaboración co Clúster da Madeira para a execución dos traballos.

Proxecto piloto en Santiago

De cara a darlle visibilidade ao proxecto, prevese levar adiante o primeiro destes repousos en Santiago de Compostela ao longo do mes de xuño. Será o primeiro dunha relación de áreas de descanso que se colocarían nos distintos itinerarios do Camiño.

Os concellos de Teo, Vedra, Lalín, Vilamartín de Valdeorras e A Fonsagrada xa manifestaron o seu interese en contar con estas áreas e estanse analizando ata 30 parcelas en diversos camiños co fin de poder avaliar a instalación destas áreas neses espazos.

A XUNTA AMPLÍA ATA 1,6 M€ AS AXUDAS DO BONO ELÉCTRICO GALEGO PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN NOS FOGARES CON MÁIS DIFICULTADES

- **No que vai de ano, xa se concederon apoios a 2.770 familias por un importe próximo aos 900.000 euros**
- **O prazo de solicitude segue aberto e co obxectivo de chegar ao maior número de beneficiarios posibles**
- **As axudas están dirixidas aos consumidores que máis o necesitan para que poidan facer fronte aos gastos da súa factura da luz**
- **Galicia é a única comunidade que ten en marcha este mecanismo que evita o corte da subministración de electricidade ás familias**

O Consello da Xunta de Galicia acordou ampliar o crédito das axudas do Bono eléctrico galego, unha convocatoria que continúa aberta e que ten como obxectivo evitar os cortes de subministración nos fogares galegos con máis dificultades. Así, increméntase en 300.000 euros (un 23%) o orzamento destinado a estes apoios ata alcanzar 1,6 millóns de euros e, deste xeito, chegar ao maior número de beneficiarios posible.

No que vai de ano xa se concederon 890.400 euros que permitiron apoiar 2.770 familias. Os apoios están dirixidos a consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, co obxectivo de asegurarlle a este colectivo o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica en Galicia. Para acceder a estas axudas, os solicitantes deben ser persoas residentes en Galicia e titulares dun servizo de subministración eléctrica que teñan contratada a tarifa de último recurso, sexan consumidores vulnerables severos (por tanto beneficiarios do Bono social estatal cun 40% de desconto) e estean en risco de exclusión social, termo que deberá ser acreditado mediante un informe expedido polos servizos sociais dos concellos.

Os apoios, que se outorgan por orde de presentación de solicitude a todos cantos cumpran os requisitos, serán dun 50% da factura eléctrica correspondente á vivenda habitual do solicitante e terán unha contía máxima anual de 300 ou 450 euros -no caso de familias numerosas-. Esta cantidade, unida ás axudas estatais, permitirá que as familias con máis dificultades non teñan que pagar pola súa factura eléctrica, garantindo, deste xeito, o acceso continuado á subministración nos fogares máis vulnerables e dando resposta a unha necesidade básica da cidadanía galega, pois non se lles poderá cortar o servizo mentres sexan beneficiarios desta axuda.

A presentación de solicitudes será preferentemente telemática e para dar axilidade ao procedemento establécese un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata a súa resolución. Así, unha vez que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación –a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais– comproba que se cumpren os requisitos, realízase o pagamento directamente aos comercializadores de referencia á medida que van remitindo as facturas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Con esta liña de axudas, adaptada á normativa estatal, a Xunta segue fiel ao seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas. Asegúrase, deste xeito, o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica, garantindo que non se produzan cortes no servizo, xa que a normativa estatal establece que os puntos de subministración deste tipo de beneficiarios serán considerados esenciais e, polo tanto, non se lles poderá cortar sempre e cando exista o oportuno convenio entre a Administración autonómica e as comercializadoras.

Pioneira nestas iniciativas, con máis de 25.000 apoios desde 2014

Galicia xa foi pioneira nesta liña de axudas no ano 2018, converténdose na única comunidade que ten en marcha este mecanismo complementario ao estatal que evita o corte da subministración. En 2020 beneficiáronse do Bono eléctrico galego máis de 4.400 familias.

Antes destas axudas, a Xunta de Galicia xa tivo en marcha o ticket eléctrico –co que tamén foi pioneira entre 2014 e 2017–, igual que tamén se convocaron en 2016 e 2017 axudas para evitar cortes de subministración. Desde a posta en marcha do ticket eléctrico en 2014 ata o actual Bono eléctrico galego, o número de beneficiarios por este tipo de axudas ascendeu en Galicia a máis de 25.000, con apoios por valor de máis de 5,5 M€.

A XUNTA ABRE UNHA MANIFESTACIÓN DE INTERESE PARA A IMPLANTACIÓN DE NOVOS CENTROS DE I+D EMPRESARIAL EN GALICIA NO MARCO DOS FONDOS NEXT GENERATION

- ***O obxectivo, dentro do espírito de afondar na colaboración público-privada, é coñecer as propostas de potenciais empresas interesadas e contar coa información necesaria para que o Goberno galego poida deseñar posteriormente instrumentos de apoio adecuados***
- ***A iniciativa aspira a acceder aos fondos europeos e coincide co proceso de elaboración da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia***
- ***As entidades que decidan participar poderán enviar os seus proxectos ata o próximo 31 de maio***
- ***Os centros de I+D que se propoñan deberán supoñer un investimento mínimo en Galicia de 10 M€ e a creación de polo menos 30 empregos***
- ***Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural amplía ata o vindeiro 14 de maio a presentación de iniciativas, por parte das pequenas e medianas empresas do sector primario e agroalimentario galego e doutros interesados neste eido, á súa manifestación de interese***

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión desta mañá a nova manifestación de interese que porá en marcha o Goberno autonómico para localización e implantación de novos centros de I+D empresarial en Galicia. Preténdese así seguir afondando nun modelo económico baseado no coñecemento, máis resiliente e que promova sectores altamente tecnolóxicos e especializados, á vez que axuda os sectores máis maduros a evolucionar cara a unha economía máis innovadora.

A iniciativa da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), busca identificar potenciais empresas interesadas en establecer os seus centros de I+D en Galicia e coñecer as súas propostas; así como obter información sobre as necesidades do ecosistema de innovación para poder estudar posteriormente a posibilidade de definir os instrumentos de apoio máis adecuados. Unha vez máis, Galicia apostará pola colaboración público-privada para deseñar de xeito conxunto os instrumentos que acompañen na reactivación económica tras a crise da Covid-19.

As manifestacións de interese poden presentarse ata o 31 de maio a través do enderezo innovacion.gain@xunta.gal e todas as propostas se considerarán confidenciais. A Gain analizará as iniciativas pero a participación neste proceso e non dará prioridade nas convocatorias de axudas que se poidan abrir con posterioridade e que terán como obxectivo a instalación de centros de I+D empresarial en Galicia, converténdoa nunha rexión referente en Europa. Así, a atracción de grandes industrias contribuirá a xerar coñecemento e completar cadeas de valor na Comunidade, exercendo un efecto tractor sobre o ecosistema de innovación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

As propostas que finalmente se presenten deben cumprir os seguintes requisitos: o centro de I+D debe contar con dependencias situadas en Galicia perfectamente delimitadas, identificadas e diferenciadas das do resto da entidade; deberá acoller en Galicia un mínimo de 30 traballadores; as actividades estarán enmarcadas nos campos prioritarios da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia; apostará pola investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en eidos como a eficiencia enerxética, a mellora da sustentabilidade do seu proceso ou produto, a descarbonización da actividade, a incorporación de aspectos de economía circular, o mellor aproveitamento de recurso ou a dixitalización da cadea de valor; o orzamento mínimo de cada proposta será de 10 M€ e a vixencia e operativa do centro de I+D en Galicia deberá ser de polo menos 5 anos.

Esta iniciativa enmárcase nas prioridades fixadas nos fondos europeos Next Generation co obxectivo de apoiar iniciativas no eido da I+D que promovan emprego e investimento na Comunidade. Ademais, coincide co proceso de elaboración da Estratexia RIS3 de Galicia para o período 2021-2027, que prevé un maior investimento en I+D. De feito, trátase dun eido de actuación cada vez máis prioritario para o Goberno da Xunta de Galicia, que no orzamento deste ano destina 227,5 millóns de euros, un 60% máis ca en 2009.

O gasto en I+D público e privado en Galicia aumentou un 6,2% no ano 2019, dous puntos por riba da media estatal. Este incremento, ademais de consolidar unha tendencia á alza desde 2014, permitiu acadar os niveis máis altos de toda a serie histórica na Comunidade, tanto a nivel investimento (627,2 millóns de euros) como persoal en I+D (11.085 persoas) e investigadores (6.724).

Manifestación de interese no sector primario e agroalimentario

Esta convocatoria súmase á manifestación de interese de proxectos autonómicos aberta pola Consellería do Medio Rural para identificar iniciativas de pequenas e medianas empresas do sector primario e agroalimentario galego, así como doutros interesados neste eido, que poidan optar aos fondos europeos.

Precisamente, e debido á gran demanda existente no sector primario e agroalimentario galego, a Consellería do Medio Rural decidiu ampliar novamente o prazo de presentación de iniciativas ata o vindeiro 14 de maio, co fin de facilitarlles aos interesados a presentación de proxectos e documentación. Neste senso, cabe sinalar que aqueles interesados en mellorar as iniciativas xa presentadas poderán tamén facelo ata o 14 de maio e terase en conta o último proxecto presentado para a súa avaliación final.

Cabe lembrar que esta manifestación de interese persegue impulsar actuacións para o desenvolvemento do emprendemento no rural galego, dinamizando demográfica e economicamente as zonas rurais de Galicia, así como para a mellora das explotacións agrarias, para reforzar a súa sustentabilidade ou o impulso á bioeconomía. Tamén se busca promover a transición enerxética como panca de atracción de actividade e poboación a partir da enerxía sustentable e accesible, utilizar novos modelos de negocio agroalimentario adaptados á economía verde e á transición ecolóxica e aumentar a produción orientada a produtos baixo selos de calidade diferenciada. A maiores, outra das finalidades é

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

desenvolver proxectos do sector agroalimentario que atendan aos compoñentes principais do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Ademais, a Consellería do Medio Rural acaba de facilitar os trámites para presentar estes proxectos e anima a todo aquel que desexe optar aos fondos europeos -especialmente a aqueles que queren aumentar a súa base territorial- a cubrir un sinxelo formulario en liña, dispoñible no seguinte [enlace](#). Trátase dunha presentación simplificada, que só require cubrir a solicitude como apoio á documentación que se xunte para aspirar aos referidos fondos. No caso de que se dispoña de máis información sobre o proxecto, poden remitirse os arquivos en formato dixital ao enderezo de correo electrónico: proxectos.medio-rural@xunta.gal

Con estas dúas iniciativas, a Xunta segue avanzando na identificación e definición de proxectos cos que Galicia poida acceder aos fondos europeos co obxectivo de impulsar a recuperación económica a través da dobre transición ecolóxica e dixital. Neste sentido, a candidatura galega aos fondos de reconstrución Next Generation abrangue 354 proxectos que poderían chegar a mobilizar un investimento de preto de 20.000 millóns de euros.

A XUNTA PROPÓN UN PACTO DE ESTADO PARA A REACTIVACIÓN INDUSTRIAL DA COMARCA DE FERROLTERRA

- ***O obxectivo é establecer un marco de actuación conxunto que implique a todas as administracións —Goberno central, Xunta, Deputación da Coruña e concellos— para impulsar a transformación e desenvolvemento de Ferrol, Eume e Ortegal***
- ***A Xunta inicia, con ese fin, un proceso de diálogo entre os axentes económicos e sociais e os partidos políticos***
- ***Dentro da propia Administración autonómica, todas as consellerías están involucradas nesta iniciativa á hora de identificar, aprobar e poñer en marcha as medidas necesarias para abordar a transformación e o desenvolvemento da comarca***
- ***Ferrol é a cidade galega coa taxa de paro máis alta (17,9%) e o desemprego na comarca de Ferrol, Eume e Ortegal aumentou o ano pasado 4 puntos máis que a media de Galicia***
- ***Perdeu case 30.000 habitantes, un terzo da súa poboación, nos últimos 40 anos***

O Consello da Xunta acordou hoxe propoñer ao resto de administracións un Pacto de Estado para a reactivación industrial de Ferrolterra que inclúa medidas, prazos e orzamentos concretos e que coordine, desde a unidade de acción, todas as políticas que sexan necesarias. O Goberno galego adopta esta decisión apoiándose nun informe sobre a situación económica e social da comarca que foi avaliado na xuntanza desta mañá.

O obxectivo é establecer un marco de actuación conxunto que implique a todas as administracións —Goberno central, Xunta, Deputación da Coruña e concellos— para impulsar a transformación e desenvolvemento da comarca de Ferrol, Eume e Ortegal. E, para iso, a vindeira semana, a Xunta iniciará, con ese fin, un proceso de diálogo entre os axentes económicos e sociais e os partidos políticos. Tamén dentro da propia Administración autonómica, todas as consellerías xa están involucradas nesta iniciativa á hora de identificar, aprobar e poñer en marcha as medidas necesarias para abordar a transformación e o desenvolvemento da comarca.

O informe que hoxe avaliou o Consello da Xunta, sinala que Ferrol perdeu case 30.000 habitantes, un terzo da súa poboación, nos últimos 40 anos e que é a cidade de toda España que presenta un peor saldo vexetativo porque perde case dez persoas ao ano por cada mil habitantes e, no ano 2020, a caída chegou a ser de dous habitantes ao día ata acadar un censo de 64.696 habitantes.

No que respecta ao índice de paro, sitúase como a cidade coa taxa máis alta de Galicia (17,9%) e coas taxas de actividade e de emprego máis baixas da Comunidade (43,5% e 35,7%, respectivamente). Conta con máis de 5400 persoas en situación de desemprego e, no ano 2020, aumentou en toda a comarca un 18,76%, 4 puntos máis que a media de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, a afiliación cae en máis de 3 puntos, case o dobre que a media galega (-1,8 puntos) sobre todo, nos sectores da construción e a industria (-8,4% e -7,4% respectivamente).

A situación agrávase aínda máis coas actuais expectativas, que tampouco son boas, ante o peche da central térmica das Pontes; a falta de carga de traballo para Navantia, que segue sen a execución do dique previsto no seu plan estratéxico; a ameaza á planta de Siemens-Gamesa nas somozas; ou a incerteza no sector electrointensivo, que carece dun prezo eléctrico competitivo a nivel estatal para competir en igualdade de condicións a nivel europeo. Ao que se suma o impacto de factores comúns como o Brexit e as consecuencias da pandemia da covid-19.

Por todo iso, a Xunta de Galicia, a través das diferentes consellerías, comezou un traballo para abordar a transformación e o desenvolvemento da comarca de Ferrol, Eume e Ortegall que, agora, quere facer partícipe ao resto de administracións a través deste Pacto de Estado por Ferrol. O obxectivo é poñer en marcha as medidas que sexan necesarias para o impulso socioeconómico e a recuperación e transformación industrial da comarca ferrolá.

25 CONCELLOS ADHERÍRONSE XA AO PROTOCOLO ASINADO ENTRE A XUNTA E A FEGAMP PARA UNIVERSALIZAR O ACCESO AOS SERVIZOS BANCARIOS E FINANCEIROS

- ***Ademais de dispoñer dun caixeiro no seu municipio, os veciños destes concellos tamén poderán contar con servizos de asistencia financeira e de formación***
- ***O obxectivo da Xunta é impulsar a colaboración das entidades financeiras que operan en Galicia para evitar a exclusión financeira***
- ***Estes concellos non terán que facer ningunha achega económica e só deberán ceder e acondicionar os espazos necesarios para a instalación dos caixeiros e a prestación do servizo***

Un total de 25 concellos adheríronse xa ao protocolo de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para facilitar e universalizar o acceso aos servizos bancarios e financeiros nos concellos galegos do ámbito rural, segundo se desprende dun informe presentado hoxe no Consello da Xunta de Galicia polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Valeriano Martínez.

Os concellos que xa solicitaron a súa adhesión son: Aranga, Vilasantar, Dumbría, Lousame, Paderne, Cabanas e Dodro, na provincia da Coruña; Ribeira de Piquín e Samos, na provincia de Lugo; e os concellos de Carballeda de Avia, Larouco, Vilar de Santos, Arnoia, Petín, Xunqueira de Ambía, Chandrexa de Queixa, Xunqueira de Espadanedo, Lobeira, Piñor, Porqueira, Os Blancos, A Teixeira, A Peroxa, Melón e Oímbra, na provincia de Ourense.

O obxectivo da Xunta é impulsar a colaboración das entidades financeiras que operan en Galicia para promover que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros e evitar a exclusión financeira.

A iniciativa consiste na instalación de caixeiros automáticos nas dependencias municipais, a prestación dun servizo de asistencia financeira que permita, de xeito semellante a unha oficina bancaria convencional, solucionar de xeito presencial as dúbidas dos clientes; e a oferta de formación financeira e banca electrónica para adquirir noções básicas e aprender a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Os concellos interesados en formar parte desta iniciativa deben adherirse ao protocolo asinado entre o Goberno galego e a Fegamp, e asinar os correspondentes convenios de colaboración coa Xunta de Galicia. Estes municipios non terán que facer ningunha achega económica e só deberán ceder e acondicionar os espazos necesarios para a instalación dos caixeiros e a prestación dos servizos de asesoramento financeiro e formación.

Estas medidas de universalización desenvolveranse a través da concesión dun incentivo a unha entidade financeira -que se elixirá mediante convocatoria pública- para que preste os servizos bancarios básicos naqueles concellos galegos do ámbito rural que se adhiran voluntariamente ao protocolo de colaboración.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Para desenvolver estas actuacións, a Consellería de Facenda e Administración Pública abriu en febreiro un período de información pública para dar a coñecer as bases que rexerán as subvencións destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios no ámbito rural e, neste momento, estanse a analizar as alegacións presentadas.



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

A XUNTA DESTINARÁ 440.000 EUROS ÁS AXUDAS A CONCELLOS E ASOCIACIÓNS PROTECTORAS PARA O COIDADADO DE ANIMAIS ABANDONADOS, A MAIOR CONTÍA DESDE A CREACIÓN DO PROGRAMA

- ***No mes de maio convocaranse dúas ordes destinadas a subvencionar o custo de identificación, esterilización, alimentación e vacinación dos exemplares ao seu cargo, e as campañas de promoción sobre tenza responsable e compra de material***
- ***As 18 entidades galegas titulares ou xestoras de centros de acollida poderán acceder por primeira vez a axudas para garantir a atención dos animais que tutelan***
- ***O obxectivo é seguir avanzando nalgúns dos principios inspiradores da Lei de protección e benestar animal, que busca combater calquera forma de maltrato e acabar co abandono pola vía da concienciación e o fomento das adopcións***

A Xunta de Galicia convocará o vindeiro mes de maio, por un importe global de 440.000 euros, as axudas para sufragar diferentes tipos de actuacións encamiñadas a garantir a protección dos animais domésticos abandonados na Comunidade. Trátase da maior contía mobilizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con este fin desde a posta en marcha do programa, no ano 2017.

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe un informe cos detalles da que será a quinta convocatoria destas subvencións que, por primeira vez, se dividen en dúas ordes: unha delas dotada con 230.000 euros e dirixida a concellos, como administracións responsables da recollida e do acollemento de animais abandonados, e da xestión das colonias felinas; e a outra, cun orzamento de 210.000 euros, destinada ás asociacións inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía.

En ambos os casos, os solicitantes poderán pedir que se lles subvencionen gastos realizados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2020 e o 31 de agosto deste ano 2021.

No caso dos 313 concellos, as actuacións subvencionables inclúen a esterilización cirúrxica dos animais baixo a súa tutela, a súa identificación mediante implantación de microchip, a inscrición no Rexistro galego de identificación de animais de compañía e a expedición do pasaporte sanitario, a compra de alimento para garantir a súa correcta manutención e a vacinación preventiva e desparasitación dos exemplares, entre outras medidas profilácticas.

En canto á orde dirixida ás protectoras, por primeira vez, estas entidades poderán solicitar axudas para sufragar calquera dos gastos antes mencionados. En todo caso e a maiores, tamén terán a opción de solicitar fondos para campañas de concienciación, promoción da tenza responsable e fomento das adopcións, así como para comprar material non funxible co fin de dotar os centros que xestionan dos medios necesarios para atender os animais.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Deste xeito, nas dúas ordes de 2021 ampliárase de forma notable o abano de gastos subvencionables con respecto ás tres convocatorias anteriores, nas que as axudas ían dirixidas a cubrir unicamente os custos de esterilización e de identificación dos animais.

Cómpre subliñar que no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía figuran inscritas un total de 89 entidades. Delas, 18 son titulares ou xestionan no día de hoxe algunha das instalacións de recollida de animais inscritas no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos, polo que poderán solicitar tanto axudas para gastos de atención e coidado directo dos exemplares aloxados no seu centro (un concepto ao cal na orde deste ano se reservan 170.000 euros) como para a adquisición de material para a xestión e o manexo dos animais que teñen acollidos (cunha partida prevista de 20.000 euros).

Así mesmo, o total das 89 protectoras debidamente rexistradas en Galicia poderán optar aos 20.000 euros restantes, reservados este ano para cubrir os gastos destinados á realización de campañas de sensibilización, tenza responsable e adopción.

Catro convocatorias por un total de 650.000 euros

Cómpre lembrar que a Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, en vigor desde xaneiro do ano 2018, ten dous obxectivos principais: combater o maltrato en calquera das súas formas e promover o abandono *cero* na Comunidade mediante o fomento das adopcións e a concienciación social sobre a tenza responsable de animais domésticos.

Neste sentido, as dúas ordes que se publicarán o vindeiro mes de maio pretenden contribuír a avanzar na mesma dirección. De feito, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén convocando con carácter anual desde 2017 axudas destinadas a subvencionar gastos de atención e coidado dos animais de compañía.

Así, nos catro últimos anos mobilizouse un orzamento global de 650.000 euros a través das sucesivas ordes de axudas e co seguinte detalle: 300.000 euros na primeira convocatoria; 100.000 euros na de 2018 e a mesma contía, 125.000 euros por anualidade, nos dous últimos exercicios. En total, outorgáronse 60 axudas no período 2017-2020.

Apoio extraordinario aos centros durante a Covid

O ano pasado, a Xunta brindou tamén un apoio especial ás asociacións de protección e defensa dos animais debidamente rexistradas na Comunidade e que xestionan algún centro autorizado para prestar estes servizos. Con este fin, cómpre lembrar que contratou con carácter de emerxencia a compra e subministración de alimento para entidades protectoras responsables dalgunha instalación de acollida de animais.

En total, repartíronse 17.718 kg de penso entre 13 entidades (todas as que pediron a axuda), cantidade coa que se alimentaron durante un mes 2.229 animais, ao tempo que se lles subministraron 79 elementos de protección individual fronte á Covid para o seu persoal.

O Goberno autonómico garantiu así a cobertura das necesidades mínimas dos animais abandonados acollidos en centros galegos e facilitou o labor das entidades xestoras xa que,



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

por mor da pandemia, estas viron sensiblemente reducidos os seus ingresos, procedentes en gran parte de eventos e actividades incompatibles coas medidas de confinamento.





A XUNTA INVISTE 1.500.000 EUROS NO ALMACENAMENTO, DISTRIBUCIÓN E LOXÍSTICA DAS VACINAS CONTRA A COVID-19

- **Contrátase o servizo para garantir que estas actividades se leven a cabo nas condicións máis adecuadas, tendo en conta as necesidades específicas das doses no relativo ao mantemento da temperatura e á rastrexabilidade**
- **A vixencia do contrato prevé a prestación do servizo para 1.200.000 vacinas e terá vixencia ata o 31 de decembro deste ano ou ata que se administren as devanditas doses**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o expediente de contratación, polo trámite de emerxencia, do servizo de almacenamento, distribución e loxística das vacinas contra o virus da Covid-19. O importe estimado desta contratación é de 1.483.363 euros.

Mediante este contrato, que é o terceiro para a prestación deste servizo, garántense as condicións adecuadas de almacenamento, transporte, mantemento da temperatura, rastrexabilidade e seguridade da devandita vacina. A prestación deste servizo ten un prazo de execución ata o 31 de decembro e abrangue 1.200.000 doses. Non obstante, ese prazo de execución considerarase finalizado cando sexan administradas as doses.

Con anterioridade, a Consellería de Sanidade xa tramitou outros dous expedientes de emerxencia para a contratación do servizo de almacenamento, distribución e loxística da vacina Covid. O primeiro deles entrou en vigor o 27 de decembro de 2020 e formalizouse un contrato cun orzamento de 247.069,66 euros para o almacenamento, a distribución e loxística de 237.430 doses da vacina Covid-19 desenvolvida polas farmacéuticas Pfizer e BioNTech.

O segundo contrato sobre a prestación dos mesmos servizos para todas as vacinas contra a Covid-19 autorizadas pola Axencia Europea do Medicamento (EMA) entrou en vigor o 1 de febreiro de 2021, contou cun orzamento de 713.900 euros e referíase á administración de 500.000 doses.

Unha vez finalizada a administración desas doses, fíxose necesario unha terceira contratación, a aprobada hoxe, sobre a base do Plan galego de vacinación fronte ao SARS-CoV-2 da Dirección Xeral de Saúde Pública, así como da Estratexia de vacinación do Ministerio de Sanidade. Esta nova contratación inclúe tamén o servizo, tendo en conta os espazos externos habilitados como grandes centros de vacinación masiva. Ademais, nesta ocasión, ampliáronse as prestacións tendo en conta a loxística inversa, polo que se recollen todas as viais que non teñan sido administrados para a súa posterior redistribución e utilización. Este procedemento está dispoñible para a totalidade das vacinas agás a de Moderna, xa que non é aconsellable polas necesidades de termoestabilidade e sensibilidade ás vibracións que precisan as doses desta marca.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 2,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A CREACIÓN DE 40 NOVAS PRAZAS PÚBLICAS RESIDENCIAIS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E CON ALZHEÍMER

- *As 15 destinadas a persoas con discapacidade serán para o concello de Ortigueira, mentres que as 25 de estimulación terapéutica para persoas con demencia repartiranse entre Mos e Moraña*
- *Estas prazas contrataranse inicialmente ata o 31 de decembro de 2022, pero poderán prorrogarse ata xullo de 2026*

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde á creación de 40 novas prazas públicas residenciais de atención especializada a maiores e persoas con discapacidade. Para iso, o Goberno galego investirá 2,1 millóns de euros, cos que se habilitarán 15 prazas de atención residencial terapéutica no concello de Ortigueira e 25 prazas de estimulación para persoas con alzhéimer e outras demencias na provincia de Pontevedra.

Das 15 prazas que se ofertarán no concello de Ortigueira, cinco delas son de carácter ocupacional e outras dez son para persoas cun nivel de afectación maior. Porén, as prazas destinadas á estimulación terapéutica dividiranse entre o concello de Moraña (10 prazas) e o de Mos (15). Estas 25 prazas incrementarán nun 50% a oferta que existe en Galicia destes servizos.

Todas estas prazas públicas contrataranse inicialmente ata o 31 de decembro de 2022, pero poderán prorrogarse ata xullo de 2026. Trátase de dúas tipoloxías de prazas moi específicas que requiren moitos medios técnicos e persoal altamente cualificado. Esta contratación responde á demanda que existe deste servizo e reforzará notablemente a atención residencial personalizada ás persoas con discapacidade en Galicia.

A atención ás persoas con discapacidade é un dos ámbitos nos cales Galicia avanzou desde o ano 2009. Hoxe Galicia conta cun 25% máis de prazas públicas, ata un total de máis de 5.400, e a Xunta duplicou o investimento nesta materia, ao que este ano destina 126 millóns de euros, mentres que hai doce anos eran 65 millóns de euros.



A XUNTA INCREMENTA UN 12% A ACHEGA PARA QUE AS UNIVERSIDADES GALEGAS E A UNED ORGANICEN PROGRAMAS PARA OS MAIORES

- **Destinará 130.000 euros a que as institucións académicas reforcen as actividades destinadas ás zonas rurais**
- **Cada ano máis de 3.000 persoas maiores participan nestes cursos, tanto nos que se dá título acreditativo como nos programas itinerantes de charlas, conferencias e visitas guiadas**

O Consello da Xunta de Galicia acordou incrementar un 12% a achega da Xunta para que as universidades galegas e a UNED organicen programas para os maiores. O importe total destes convenios pasa de 115.000 a 130.000 euros para reforzar os seus programas destinados ás zonas rurais, para facilitar que os seus veciños accedan tamén a este tipo de actividades.

Dentro dos programas de envellecemento activo que impulsa a Xunta de Galicia, uns dos máis demandados son os cursos destinados aos maiores nas universidades galegas. Trátase de actividades que melloran a autoestima, axudan a exercitar a memoria e a coñecer xente nova.

Cada ano máis de 3.000 persoas maiores participan nestes cursos, tanto nos que se dá un título acreditativo como nos programas itinerantes de charlas, conferencias e visitas guiadas.

GALICIA CREOU EN 2020 PRETO DE 350 NOVOS EMPREGOS E CONSOLIDOU CASE UN MILLAR DE POSTOS GRAZAS ÁS AXUDAS LEADER QUE XESTIONA A XUNTA A TRAVÉS DOS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

- ***O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o impacto destas achegas nas convocatorias bianuais de 2019-2020 e de 2020-2021***
- ***Aprobáronse 492 proxectos e mobilizouse un orzamento lixeiramente superior aos 61 millóns de euros, dos cales a axuda pública foi de case 24 millóns de euros***
- ***Durante todo o período 2014-2020 que establece o PDR de Galicia, foron aprobados 1.151 proxectos cunha axuda pública de 62 millóns de euros***
- ***O Diario Oficial de Galicia publicará proximamente unha nova convocatoria de axudas, cun orzamento de 13 millóns de euros***

O Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o impacto das axudas da medida Leader, que xestiona a Xunta a través dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) galegos no ano 2020. Así, ao longo do pasado exercicio, creáronse na nosa Comunidade preto de 350 novos empregos e consolidáronse case un millar de postos grazas a esta liña de axudas correspondente á medida 19 do Plan de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Neste senso, no conxunto dos 24 GDR galegos aprobáronse entre as convocatorias de axudas de 2019-2020 e de 2020-2021 un total de 492 proxectos e mobilizouse un orzamento lixeiramente superior aos 61 millóns de euros, dos cales a axuda pública foi de case 24 millóns de euros. Do total de proxectos aprobados, 255 foron de carácter produtivo (aqueles que supoñen a realización dunha actividade económica), cun orzamento de case 50 millóns de euros e unha axuda pública de 17,3 millóns de euros. Os 237 restantes foron iniciativas non produtivas (representan un interese público, social ou colectivo) e supuxeron a mobilización dun orzamento de 11,3 millóns de euros e unha axuda pública de 6,5 millóns de euros. Nesta liña, cabe sinalar que proximamente sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* unha nova convocatoria de axudas cun orzamento de 13 millóns de euros.

Se analizamos os datos por provincias, cabe salientar que na da Coruña aprobáronse 131 proxectos cunha achega pública de 5,9 millóns de euros, en Lugo aprobáronse 124 proxectos cunha achega pública de 6,6 millóns de euros, en Ourense houbo 146 iniciativas con 7 millóns de euros e en Pontevedra, 91 proxectos con 4,3 millóns de euros.

Así, os proxectos aprobados polos que apostan os distintos GDR inciden na mellora da calidade de vida dos galegos, sobre todo da poboación máis envellecida; na implantación das TIC e de servizos profesionais básicos nas zonas rurais e na rehabilitación do patrimonio cultural dos pobos e das aldeas do territorio. Falamos, pois, dunha mellora da capacidade produtiva do rural galego a través da diversificación económica.

Período 2014-2020



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No informe avaliado hoxe tamén se fai mención aos resultados conseguidos a través deste programa para o período 2014-2020. Así, os principais obxectivos que establece o Leader en Galicia para este período estanse a acadar de maneira satisfactoria nos territorios do rural nos que os diferentes GDR teñen o seu campo de acción. Nesta liña, aprobáronse 1.151 proxectos (629 produtivos e 522 non produtivos) cos que se conseguiron consolidar 2.636 empregos e crear outros 778 novos postos, cunha axuda pública de 62 millóns de euros.

Estas cifras reforzan a importancia do programa Leader como ferramenta que contribúe ao equilibrio territorial no rural galego, posto que o elemento esencial da metodoloxía Leader é que se trata de "procesos de abaixo cara arriba", de forma que se garanta a participación activa dos principais axentes locais nestas políticas, a través do labor dos GDR.